cREAgal

O ring das ideas

Guión para o debate - Moderador/a

Saúdo, introdución do tema que se vai tratar e presentación de cada un dos ou das opoñentes

Bo día! Benvidos e benvidas a este debate onde falaremos da televisión destinada ao público infantil e xuvenil. As persoas opoñentes que se enfrontan no día de hoxe son Mariña, que vén de Carnota, e Serxio, natural de Noia.

Vamos coñecelos un pouco máis. Podedes falarnos do voso punto de vista con respecto do panorama televisivo actual destinado ao público infantil e xuvenil?

Introdución das preguntas ou puntos a tratar no debate

Un dos puntos a tratar neste debate é se a televisión pública ofrece contidos infantís e xuvenís de calidade e que realmente sexan de interese para a mocidade e os cativos/as. Mariña, que opinas ao respecto?

(Intervención dunha opoñente)

E Serxio, ti que pensas sobre isto?

(Intervención doutro opoñente)

...

(Introdución da seguinte pregunta ou punto a tratar)

Apertura de quenda de preguntas do público

Unha vez chegamos a este punto, abrimos a quenda de preguntas para que o público poida expresar dúbidas ou opinións...

Agradecemento e despedida

Moitas grazas, Mariña e Serxio, polos vosos puntos de vista. Foi moi interesante escoitarvos e agardamos que fose un debate de interese para o público...

"Guión para o debate - Moderador/a", do proxecto *cREAgal*, publícase coa Licenza Creative Commons Recoñecemento Non-comercial Compartir igual 4.0